

NADINE GORDIMER

Nadine Gordimer naceu en 1923 en Springs, Sudáfrica. Escritora de relatos curtos desde moi nova, aos vinte e cinco anos trasladouse a Johannesburgo, onde fixou a súa residencia definitiva. Non destacou como estudante, e, aínda que ingresou na Universidade de Witwatersrand, non chegou a finalizar os seus estudos.

Pola súa obra literaria, que comprende numerosas novelas e coleccións de relatos, Nadine Gordimer é considerada xunto con J. M. Coetzee, a principal representante da literatura sudafricana do século XX. A súa presenza intelectual repartiuse por igual entre a produción narrativa e a súa defensa da liberdade da poboación negra, nunha belixerante oposición ao réxime racista do apartheid.

Decantouse nun primeiro momento polas historias curtas, publicando en 1949 o seu primeiro libro nesta liña, *“Face to face”*. Anos despois, seguindo o estilo da novela curta, escribiu *“The Soft Voice of the Serpent”*.

Ata 1953 non chegaría a súa primeira novela *“The Lying Days”*, na que quedaría plasmada a súa característica técnica narrativa marcada por unha liña sobria, sen sentimentalismos. En anos posteriores continuou escribindo novelas e relatos curtos: *“Six Feet of the Country”*, *“A World of Strangers”*, *“Friday’s Footprint”*, *“Occasion for Loving”*, *“Not for Publication”*, *“The Late Burgeois World”* o *“Burger’s Daughter”*.

Nos anos oitenta publicaría algunha das súas obras máis importantes: *“A Soldier’s Embrace”*, *“July’s People”*, *“Something Out There”*, *“A Sport of Nature”*, *“My Son’s Story”*.

En 1991 publicou *“Jump and Other Stories”* e ese mesmo ano recibiu o Premio Nobel de Literatura pola súa magnífica escritura épica, de gran beneficio para a humanidade.

Ainhoa Fernández González

4º ESO B